



Nada en Montreal en 1954, a francófona **Carole David** é unha escritora canadense de raíces italo-quebequesas, autora de seis libros de poesía, dúas novelas e un volume de relatos que construíron o seu impecable pedigree literario. Posúe un doutorado en Estudos Franceses e durante anos foi profesora universitaria, columnista en prensa, membro do consello de redacción de medios de comunicación escrita, asesora para editoriais e parte do comité sobre prácticas comerciais na edición de libros como representante da Unión de Escritores do Quebec. Foi presidenta da Casa da poesía de Montreal e presidiu tamén a comisión de dereitos de empréstamo público. En 2008 foi Escritora en Residencia do Consello das Artes de Montreal, e ten participado en numerosas feiras do libro, festivais e congresos literarios no estranxeiro.

Á marxe dunha exitosísima novela, un libro de relatos e outros títulos dirixidos ao público xuvenil, a súa obra en verso iniciouse con *Terroristes d'amour* (1986), que mereceu o prestixioso Premio Émile-Nelligan e marcou un punto de inflexión no universo literario quebequés; seguiulle *L'endroit où se trouve ton âme* (1991), *Abandons* (1996), Premio de Poesía Terrasses Saint-Sulpice, *La maison d'Ophélie* (1998), finalista do Premio do Gobernador Xeral –un dos máis importantes galardóns do Canadá– ou *Terra vecchia* (2005), nominado para o Gran Premio do Festival Internacional de Poesía Trois-Rivières, entre outros. Os seus libros, practicamente descoñecidos na Península Ibérica, están traducidos maiormente ao inglés e ao italiano. O seu máis recente título de poesía, *Manuel de poétique à l'intention des jeunes filles* (2010) foi de novo finalista do Premio do Gobernador Xeral e gañou o Alain-Grandbois.

O Boxeo e o Poema

*Lembra, eu aprendín a escribir en cativeiro
domesticando os golpes e mais os fallos,
os dramas e as traxedias
mentres ti, cos pés,
indicábasme o centro de gravidade,
a maneira de domear o círculo,
a posición das mans.
Logo desta lección
recoñecémonos
como dous rivais forzados a
realizar o mesmo rito.*



(CAROLE
DAVID)

Luns 10 de decembro

20:30
Centro
Sociocultural
ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS
DI(N)VERSOS



Emma Pedreira



Emma Pedreira, poeta e narradora coruñesa do 78, é unha das voces máis prolíficas e premiadas da súa xeración, a que irrompeu na literatura galega na segunda metade dos 90. Ela fíxoo concretamente en 1999 grazas ao Premio Johán Carballeira, que lle valería a publicación de *Diario bautismal dunha anarquista morta* en 1999. A súa bibliografía continúa practicamente a razón de premio por libro: *Grimorio* (2000) acadaría o Lorenzo Baleirón, *Velenarias* (2001) de novo o Johán Carballeira, *As posturas do día* (2001) o Premio Rosalía da Casa de Galicia en Córdoba, *Os cadernos de amor e os velenos* (2002) o Premio Centenario de Fermín Bouza Brey, *Casas de orfas* (2005) o Fiz Vergara Vilariño, *Xoguetes póstumos* (2009) o Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, *Antítese da ruína* (2010) o Caixanova e o *Libro das mentiras* (2012) o Premio Concello de Carral. Todo iso ademais de gañar o Francisco Añón en outras dúas ocasións. Finalmente, a estas obras hai que engadir un outro poemario, dous libros en prosa e outros dous galardóns para esta súa faceta narrativa: o Modesto Figueiredo e o do Concello de Marín.

Asúa obra figura tanto en publicacións periódicas coma en antoloxías publicadas dentro e fóra de Galicia, como *25 Anos de poesía galega 1975-2000* (2002), *Das sonoras cordas* (2005), *Erato bajo la piel del deseo* (2010) ou *Veinte puntos de fuga* (2011) entre outras. Ademais de ter feito parte do colectivo poético Humilladoiro, Emma Pedreira ten impartido diversos obradoiros literarios e clubs de lectura.

*De cinza
son.*

*Última filla do último fogo que permitiu tascar esta pedra.
Por iso levo a ténpera do seu nome.
Por iso esta casa é trémula e fría,
non son máis que poema os alicerces
á valga no medio deste tempo indefinido*

*a miña boca
é
o valo
que os cingue*

-a fita que apertou os seus pescozos de aire-



(EMMA PEDREIRA)

Luns **10** de decembro

20:30
Centro
Sociocultural
ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS

Carole David

